



**PROXECTO LINGÜÍSTICO DO
CENTRO**

Curso 2015-2016

ÍNDICE

- 1. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.**
 - 1.1. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO.
 - 1.2. ELABORACIÓN DOS ÍNDICES SECTORIAIS.
 - 1.2.1. O contexto sociolingüístico do centro.
 - 1.2.2. A situación do profesorado.
 - 1.2.3. A situación do alumnado.
 - 1.2.4. Ambientalidade lingüística do centro.
- 2. A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA EDUCATIVA DO CENTRO.**
 - 2.1. DETERMINACIÓN DO PUNTO DE PARTIDA SOCILINGÜÍSTICA DO CENTRO.
 - 2.2. OBXECTIVOS
- 3. MEDIDAS ACADÉMICAS QUE SE VAN LEVAR A CABO PARA A CONSECUCIÓN DUNHA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA SEMELLANTE EN GALEGO E CASTELÁN.**
 - 3.1. Materias do currículo e lingua en que se imparten
 - 3.2. Estratexias didácticas xerais relacionadas co uso das linguas no ámbito docente.
 - 3.3. Medidas de apoio e reforzo adoptadas para conseguir un correcto uso lingüístico escolar e educativo, dirixidas a alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo e de promoción da lingua galega.
- 4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**
- 5. AVALIACIÓN**

Situación: centro situado nun barrio das aforas da cidade de Lugo.

Tipo de centro: IES

Ensino que imparte: ESO, bacharelato e Ciclo Superior de Procesos e Calidade na Industria Alimentaria.

Número de alumnado: 422

Número de profesorado: 52

Contorno: nivel social medio con escasa ou nula mobilización cultural.

1. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

1.1 CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO

Para determinar a lingua predominante no contorno téñense en conta os seguintes aspectos:

- Análise do contexto: familias, administración municipal, asociacións culturais...
- Os datos da situación sociolingüística do centro, con información dos usos lingüísticos do profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Observación directa da realidade do propio centro, fundamentalmente no que se refire á utilización da lingua galega en situacións informais dos membros da comunidade educativa.

1.2 ELABORACIÓN DOS ÍNDICES SECTORIAIS

O que presentamos a seguir é unha análise sectorial sinxela que nos permita definir os catro índices que se consideran máis relevantes para ter un bo coñecemento da realidade sociolingüística do centro (ou sexa, do seu contorno):

11. O contexto sociolingüístico do centro.
- 12 . A situación do profesorado.
13. A situación do alumnado.
14. A ambientalidade lingüística do centro.

En todos os casos, para concretar a valoración, utilizaremos unha escala que vai do 1 ó 5. Malia á súa sinxeleza é suficiente para definirmos o lugar en que se sitúa o centro para cada variable.

1. Contorno castelanófono.
2. Contorno con predominio do castelán.
3. Contorno con similar presenza das dúas linguas.
4. Contorno con predominio do galego.
5. Contorno galegófono.

1.2.1. O contexto sociolingüístico do centro

Fontes primarias: os cuestionarios

- Lingua habitual dos fogares:2
- Lingua habitual nas interaccións comunitarias: 4
- Lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados: 5
- Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno: 4

I1= 3,9

O centro está situado nun barrio das aforas da cidade de Lugo, moitas das familias que están instaladas nel desde o seu nacemento son de orixe rural, orixinarios de diversas aldeas e vilas da provincia que se asentaron no barrio cando decidiron trasladarse á capital , a maioría deles falan o galego como lingua habitual. Son xeralmente xente maior de clase social media ou media baixa que fala a lingua galega con total fluidez porque foi a súa lingua materna. Non obstante, nos últimos anos construíronse no barrio moitas vivendas sociais nas que se instalaron familias novas, non todas galego falantes. Polo tanto podemos dicir que no contexto sociolingüístico do centro ten moita presenza o galego, sobre todo na xente maior e de orixe rural, aínda que tamén está presente o castelán, especialmente nas familias novas que se asentaron nos últimos anos no barrio.

O Concello nas súas comunicacións escritas coa cidadanía emprega sempre o galego. Nas entidades asociativas do contorno tamén predomina esta lingua.

1.2.2. A situación do profesorado

Fonte primaria: os cuestionarios

7. Lingua Habitual

			multiplica por	
Só castelán	7,5	1	7,5	TOTAL
Por igual	8,5	2	17	2,36486486
Só galego	21	3	63	

8. Capacidade para empregar o galego na actividade docente

		multiplica por		
Baixa	4	2	8	TOTAL
Media	13	3	39	3,43243243
Alta	20	4	80	

9. Disposición para facer cursos de reciclaxe

		multiplica por		
Pouca	10	2	20	TOTAL
Moderada	5	3	15	3,07407407
Boa	12	4	48	

10. Actitude profesorado cara á utilización do galego na escola

		multiplica por		
Desfavorable	14	2	28	TOTAL
Indiferente	19	3	57	3,62698413
Favorable	93	4	372	

11. Actitude profesorado cara á normalización social

		multiplica por		
Moi desfavorable	3	1	3	TOTAL
Desfavorable	4	2	8	4,2519685
Indiferente	23	3	69	
Favorable	25	4	100	
Moi favorable	72	5	360	

I 2 = 3,17

I 2 Bis = 3,20

1.2.3. A situación do alumnado

Fonte primaria: os cuestionarios elaborados polo 30% do alumnado do centro

12. Lingua Habitual do alumnado

		multiplica por		
Só castelán	25	1	25	TOTAL
Predomina castelán	48	2	96	
Castelán e galego	27	3	81	
Predomina o galego	13	4	52	2,2991453
Só galego	3	5	15	

13. Lingua Habitual da familia

multiplica por

Proxecto Lingüístico do Centro

Curso 2016 / 2017

Só castelán	19	1	19	TOTAL
Predomina castelán	40	2	80	
Castelán e galego	10	3	30	
Predomina o galego	20	4	80	2,85470085
Só galego	25	5	125	

14. Lingua Habitual na escola

			multiplica por	
Só castelán	24	1	24	
Predomina castelán	51	2	102	
Castelán e galego	29	3	87	
Predomina o galego	13	4	52	
Só galego	0	5	0	

15. Competencia comunicativa que traen da etapa anterior

Aceptable	3
-----------	---

16. Actitude cara o uso do galego na escola

			multiplica por	
Moi desfavorable	29	1	29	
Defavorable	33	2	66	

Proxecto Lingüístico do Centro

Curso 2016 / 2017

Indiferente	70	3	210
Favorable	34	4	136
Moi favorable	68	5	340

17. Actitude cara a normalización do galego

		multiplica por	
Moi desfavorable	32	1	32
Defavorable	17	2	34
Indiferente	70	3	210
Favorable	85	4	340
Moi favorable	264	5	1320

I 3 = 2,58

1.2.4. Ambientalidade lingüística do centro

18. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.

Plena 5

19. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.

Amplio 4

20. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais.

Amplio 4

21. Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro.

Amplio 4

22. Emprego da lingua galega por parte da ANPA.

Moderado 3

23. Emprego da lingua galega na realización de actividades extraescolares.

Amplio 4

24. Dotación de fondos en galego na biblioteca.

Aceptable 3

25. Presenza da lingua galega na utilización das TIC

Aceptable 3

26. Visibilidade das accións do EDL

Moderada 3

I 4= 3,75

INDICADOR GLOBAL: O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

IG = 3.17

Ademais deste índice global, teremos en conta os índices parciais para deseñar a planificación lingüística concreta para cada sector: contorno sociolingüístico, profesorado, alumnado e ambientalidade lingüística.

2. A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA EDUCATIVA DO CENTRO

2.1. DETERMINACIÓN DO PUNTO DE PARTIDA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O índice global do centro reflicte un contorno con similar presenza das dúas linguas. Pero si analizamos o índice correspondente ó alumnado (2,58) dámonos conta que nos atopamos nun contorno maioritariamente castelán falante. Partimos, xa que logo, dunha situación na que, segundo o Decreto 79/2010, o obxectivo consiste en manter a L1 (castelán) e que o alumnado adquira unha boa competencia na L2 (o galego, neste caso), con especial atención á oralidade, e á superación de prexuízos para a súa utilización.

O mantemento da L1 non suporá demasiado esforzo, pola presenza desta lingua no seu ámbito familiar e social; o desafío estará na adquisición e utilización da L2, o galego. Como as linguas só se aprenden se se utilizan, o emprego do galego nas aulas será a vía idónea para que poidan adquirir a plena competencia nesa lingua.

O indicador inferior a 3 mostra una situación que non garante que ó final da súa escolarización o alumnado teña plena competencia bilingüe, polo que é necesario reforzar a presenza da lingua galega.

2.2. OBXECTIVOS

O obxectivo final é que o alumnado, ó rematar a súa etapa educativa de ESO e Bacharelato teña unha competencia lingüística semellante en ambas as dúas linguas, galego e castelán, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial.

Polo tanto o obxecto desta planificación é garantir:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar a competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego; para este fin, favoreceranse os contextos formais e informais, docentes e non docentes, nos que o vehículo de comunicación sexa a lingua galega.
- Que todo o alumnado adquira tamén unha boa competencia en castelán.
- Que todo o alumnado teña unha actitude positiva cara á utilización da lingua galega tanto en contextos formais como informais.

Polo tanto, tendo en conta a análise do contorno, da situación lingüística do alumnado e profesorado, propoñemos os seguintes obxectivos xerais para acadar o obxectivo pedagóxico final:

- Aumentar a presenza do galego oral entre os membros da comunidade educativa.
- Implicar o emprego da lingua galega en todo tipo de actividades transversais do centro: plan anual de lectura, plan de integración das TIC, dinamización da biblioteca...
- Informar, sensibilizar e implicar as familias, o contorno, o profesorado, o alumnado na planificación sociolingüística do centro.

3. MEDIDAS ACADÉMICAS QUE SE VAN LEVAR A CABO PARA A CONSECUCIÓN DUNHA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA SEMELLANTE EN GALEGO E CASTELÁN.

3.1. Materias do currículo e lingua na que se imparten

En cumprimento do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, a lingua vehicular en que se imparten as materias será a seguinte:

1º ESO

	H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1 BX	4	4		
2 XH	3	3		
3 EF	2	2		
4 EPVA	2		2	
5 L Cast Lit	4		4	
6 Ingl	3			3
7 L Gal Lit	4	4		
8 Mat	5		5	
9 Promoc.Est.Vida Saud.	1	1		
10 Francés	2			2
11 Rel / Val.Ét.: Rel Val. Ét.	1	1	1	
12 Tutoría	1	1		
Total (horas)		16	12	5
% (horas)		47%	37%	16%
Total (materias)		6	4	2

2º ESO

	H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1	FQ	3	3	
2	XH	3		
3	EF	2		
4	Investigac. e tto. informac	1		
5	L Cast Lit	3	3	
6	Ingl	3		3
7	L Gal Lit	3		
8	Mat	5	5	
9	Mús	2		
10	Tecnoloxías	3	3	
11	Francés	2		2
12	Rel / Val.Ét.: Rel Val. Ét.	1	1	
13	Titoría	1	1	

Total (horas)	13	15	5
% (horas)	40%	44%	16%
Total (materias)	7	4	2

3º ESO

	H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1	BX	2	2	
2	FQ	2	2	
3	XH	3		
4	EF	2		
5	EPVA	2	2	
6	L Cast Lit	3	3	
7	Ingl	3		3
8	L Gal Lit	3		
9	Mat	4	4	
10	Mús	2		
11	Tecnoloxía	2	2	
12	Rel / Val.Ét.: Rel Val. Ét.	1	1	
13	Titoría	1	1	
14	OPTATIVAS (1) CuCa Francés	2	2	2

Total (horas)	14	13/15	3/5
% (horas)	44%	40/47%	9/16%
Total (materias)	7	5/6	1/2

4º ESO

		H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1	XH	3	3		
2	EF	2	2		
3	L Cast Lit	3		3	
4	Ingl	3			3
5	L Gal Lit	3	3		
6	Mat Acad / Mat Apli	4		4	
7	Titoría	1	1		
8-9	TRONCAIS DE OPCIÓN (2)	6			
	Ensinanzas Académicas:				
	BX		3		
	FQ			3	
	Economía			3	
	Lat			3	
	Ensinanzas Aplicadas				
	CC Apli á Act Prof			3	
	Inic Act Emprend e Empres		3		
	Tecnoloxía			3	
10-11	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (2)	6			
	EPVA			3	
	Filosofía		3		
	CuCi		3		
	Mús		3		
	TIC			3	
	Fr				3
	CuCa			3	
12	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (1)	1			
	Rel / Val.Ét.:				
	Rel			1	
	Val. Ét.		1		

TRONCAIS, ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURAC. AUTONÓMICA, COMUNS PARA TODO O ALUMNADO:

Total (horas)	10	7	3
% (horas)	47%	37%	16%
Total (materias)	4	2	1

TRONCAIS DE OPCIÓN:

ENSINANZAS ACADÉMICAS:

Total (horas)	3	9	
% (horas)	25,0%	75,0%	
Total (materias)	1	3	

ENSINANZAS APLICADAS:

Total (horas)	3	6	
---------------	---	---	--

% (horas)	33%	67%	
<i>Total (materias)</i>	1	2	

ESPECÍFICAS DE OPCIÓN:

Total (horas)	9	9	2
% (horas)	45%	45%	10%
<i>Total (materias)</i>	3	3	1

Relixión / Valores Éticos

Total (horas)	1	1	
% (horas)	50%	50%	
<i>Total (materias)</i>	1	1	

1º Bacharelato

		H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1	EF	2		2	
2	Fil	3	3		
3	L Gal Lit I	3	3		
4	L Cast Lit I	3		3	
5	Inglés I	3			3

TRONCAIS DE OPCIÓN (3):

6-8	Latín I	4		4	
	MatApliCS I	4	4		
	Mat I	4	4		
	Grego I	4		4	
	Lit.Univ.	4	4		
	Hª M. Cont	4		4	
	Eco	4		4	
	BX	4	4		
	FQ	4		4	
	DT I	4		4	

ESPECÍFICAS DE OPCIÓN e DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA E DE CENTRO (3):

9-11	Cult Científ	2	2		
	Ling.Práct.Mus.	3	3		
	Tec Ind I	3		3	
	Fr	2			2
	TIC I	2	2		
	Antropol	2		2	
	Lit Hispán.	2		2	
	Robótica	2		2	
	Rel	1		1	
	Prácticas textuais	1	1		
	Canto e práctica vogal	1	1		
	Hª do cine	2		2	
	Act. Fís. de ocio e tempo libre	2			
	Aprendendo a facer ciencia	2		2	
	Técnicas experimentais de Física e química	2	2		
	English for specific purposes	2			2

2º Bacharelato

		H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1	Hist España	3		3	
2	L Gal Lit II	3	3		
3	L Cast Lit II	3		3	
4	Inglés II	3			3

TRONCAIS DE OPCIÓN (3):

5-7	Latín II	4		4	
	Mat A.C.S. II	4	4		
	Mat II	4		4	
	Hist Fil	4	4		
	Hist Arte	4		4	
	Grego II	4		4	
	Eco de Empr	4		4	
	Xeogr	4		4	
	Biol	4	4		
	Xeoloxía	4	4		
	DT II	4		4	
	Fís	4	4		
	Quím	4		4	

ESPECÍFICAS DE OPCIÓN e DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA E DE CENTRO (3):

8-10	Hª Mús e Danza	3	3		
	C. Terra e A.	3	3		
	Tec Ind II	3	3		
	Imaxe e son	3	3		
	Fr	3			3
	TIC II	3	3		
	Psicoloxía	3		3	
	Quím	3		3	
	Xeogr e HªG.	2	2		
	L.G. sXX e A.	2	2		
	A Act. Fís. Como Forma de Vida Saudable	2	2		
	Relixión	1		1	
	A ciencia nas túas mans	1		1	
	Social Spoken English	1			1

1º CFGS Procesos e Calidade na Industria Alimentaria (LOE)

	H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1 OPA	4		4	
2 IA	3	3		
3 MEIP	5	5		
4 AA	6		6	
5 BA	4		4	
6 TPCA	6	6		
7 NSA	4		4	
8 FOL	4	4		

Total (horas)	18	18	0
% (horas)	50%	50%	0,0%
Total (módulos)	4	4	0

2º CFGS Procesos e Calidade na Industria Alimentaria (LOE)

	H/sem	H/sem GALEGO	H/sem CASTELÁN	H/sem ING/FRA
1 PIIA	5	5		
2 CLIA	7		7	
3 EIE	3	3		
4 TA	12		12	
5 XCAIA	5	5		
6 CMSA	4	4		

Total (horas)	17	19	0
% (horas)	47%	53%	0,0%
Total (módulos)	4	2	0

3.2. Estratexias didácticas xerais relacionadas co uso das linguas no ámbito docente.

O sistema escolar debe contribuír á capacitación plurilingüe dos seus cidadáns e a valorar positivamente a diversidade lingüística, coa finalidade de conseguir falantes con competencia interlingüística e intercultural.

O concepto de tratamento integrado das linguas (TIL) estendeuse nos últimos anos avalado polas investigacións sobre a aprendizaxe das mesmas e así o recolle o *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación (2005)* ó afirmar que

O enfoque plurilingüe céntrase no feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos ámbitos culturais dunha lingua (...) o individuo non mantén estas linguas e culturas en compartimentos estritamente separados, senón que desenvolve unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas e na que as linguas se relacionan entre si e interactúan.

Desde esta perspectiva, o enfoque da área de lingua debe partir de presupostos comúns e metodoloxías similares para todas as linguas do currículo, que faciliten o transvase do aprendido nunha lingua a calquera das outras. O enfoque integrado tradúcese nunha selección de contidos interrelacionados (comprensión e produción de textos diversos coas súas características lingüísticas) para todas as linguas do centro e unha metodoloxía común, tanto no oral como no escrito.

Sería necesario, xa que logo, que o profesorado de linguas fose un equipo docente capaz de:

- Compartir tempos de traballo (procurar ter unha hora semanal de coordinación, dentro do horario).
- Compartir experiencias.
- Afianzar as semellanzas interlinguas e tamén as diferenzas, especialmente as que derivan dun tronco común.
- Impulsar entre o alumnado actitudes favorables para a aprendizaxe das linguas.
- Unificar os ámbitos de reflexión sobre a lingua (semánticos, morfosintácticos, textuais, pragmáticos...), comúns a todas as linguas do centro, aínda que cada unha teña a súa especificidade.

3.2.1. Seccións Bilingües

AICLE

(*Aprendizaxe Integrado de Contidos e Lingua Estranxeira. cf. Educación Bilingüe*)

Definición e obxectivos

A expresión Aprendizaxe Integrado de Contidos e Lingua Estranxeira (AICLE) fai referencia ao ensino de calquera materia (exceptuando as de linguas) utilizando como lingua vehicular unha lingua estranxeira ou segunda lingua (L2). AICLE propón un equilibrio entre a aprendizaxe do contido e o do idioma. Os contidos non lingüísticos desenvólvense a través da L2 e, pola súa vez, a L2 desenvólvese a través do contido da materia.

No 1995 a Comisión Europea aprobou un documento sobre educación denominado “*O libro branco. Ensino e aprendizaxe. Para unha sociedade da aprendizaxe*”. Nel constátase que o dominio de tres idiomas comunitarios é un obxectivo prioritario, e suxire o ensino de materias curriculares nunha lingua estranxeira como vía para contribuír ao logro deste obxectivo, que é o plurilingüismo.

AICLE supón un enfoque innovador no campo da aprendizaxe. Constitúe unha tentativa para superar as limitacións dos plans de estudo tradicionais, é dicir o ensino de materias individuais, e representa unha mudanza para a integración curricular.

AICLE pretende mellorar as aptitudes na segunda lingua e potenciar o coñecemento e as habilidades nas outras áreas curriculares. Para que iso ocorra é necesario crear as condicións axeitadas tanto desde o punto de vista organizativo como pedagógico. Cando se aplica o programa AICLE poden ser necesarios algúns reaxustes de contidos, idioma ou tempo previstos.

Premisas de AICLE no que fai á aprendizaxe dunha lingua

AICLE baséase en premisas teóricas ben fundadas e experimentouse desde fai algúns anos en diferentes lugares. Moitos nenos que experimentaron AICLE en toda Europa demostran que esta aproximación á aprendizaxe tanto do idioma como da materia escolar ten éxito e que non prexudica en absoluto ao alumno. Os orzamentos de AICLE no que fai á aprendizaxe dunha lingua baséanse nunha maior cantidade e calidade de exposición do alumno á lingua estranxeira e nunha maior motivación para aprender.

- **A cantidade de exposición**

A investigación sobre a aprendizaxe dunha segunda lingua demostrou que para lograr un bo nivel de competencia na L2 é necesario ter moito contacto co idioma dun modo natural. Os alumnos necesitan ter acceso espontáneo á comunicación falada,

preferentemente dentro dun contexto interactivo no que poidan obter moita información sobre a estrutura e o funcionamento da lingua estranxeira.

A aprendizaxe dunha segunda lingua é un proceso longo e natural. O alumno ten que pasar necesariamente polas fases do coñecemento “imperfecto” antes de dominar os diferentes aspectos da lingua estranxeira.

Xa que AICLE garante un incremento considerable do contacto coa L2, resulta unha oportunidade única para mellorar os niveis nos idiomas que xa se están impartindo segundo o plan de estudos (neste caso o inglés).

- **A calidade de exposición**

Porén, AICLE non se limita a ofrecer mellores condicións de aprendizaxe en termos dun maior contacto coa lingua estranxeira, senón que ese contacto debe ter unhas certas calidades: este sistema esixe un estilo de ensinar interactivo. Isto significa que os estudantes teñen máis oportunidades de participar verbalmente xa que se produce interacción na L2 co profesor e os outros estudantes. Desta maneira os estudantes poden poñer en práctica os seus coñecementos do idioma e están obrigados a ampliar os seus recursos lingüísticos para poder responder ás esixencias dos contidos que están aprendendo.

Ademais, utilizar a lingua estranxeira para captar os contidos impartidos require unha profundidade no proceso de aprendizaxe que leva a un mellor aprendizaxe do idioma. Cando se utiliza unha L2 para entender e aprender calquera materia, unha ampla gama de procesos cognitivos actívanse na L2. Isto é o que ocorre normalmente na lingua nativa. É precisamente a través do proceso de aprender, pensar e comunicar un tema de contido non lingüístico, que o neno pequeno e máis tarde o neno maior adquire plena capacidade na súa lingua materna.

- **A motivación para aprender**

Finalmente, AICLE baséase na motivación intrínseca. O alumno involúcrase en actividades que lle parecen interesantes, cheas de sentido, ao mesmo tempo que utiliza o idioma.

Noutras palabras, AICLE proporciona unha multitude de oportunidades para que se produza a aprendizaxe incidental: ese tipo de aprendizaxe que ocorre cando a atención do alumno se centra en algo diferente do que se ensina. Demostrouse que a aprendizaxe incidental dun idioma é moi eficaz, profundo e duradeiro. Complementa de maneira positiva a aprendizaxe intencionado que se produce tipicamente no aula, ao cal non pretende substituír. De feito as extensas investigacións realizadas durante 20 anos sobre a experiencia da inmersión lingüística en Canadá demostran que, se non hai un ensino do idioma formal paralelamente á inmersión, os alumnos non acadan un dominio completo da segunda lingua.

- **Que tipo de materias?**

Pódese ensinar calquera materia nunha lingua estranxeira, aínda que cada disciplina proporciona vantaxes diferentes e algunhas son máis aptas para grupos específicos de alumnos. Hai disciplinas que se basean sobre todo na comunicación verbal e outras nas que se empregan a comunicación non verbal para aclarar e integrar o contido que se presentou verbalmente. No primeiro grupo temos disciplinas como a historia. No segundo grupo temos materias como a música.

Input verbal e non verbal:

Pódese ensinar lingua incluso a un nivel moi básico utilizando, por exemplo, un atlas para facer unha lista das capitais dos países europeos e sinalándoas no mapa (Roma é a capital de Italia, ou A capital de Italia é Roma).

SECCIÓNS BILINGÜES NO CENTRO

Enténdese por unha Sección Bilingüe un grupo de alumnos/as que reciben as ensinanzas dunha determinada materia dun modo bilingüe, é dicir utilizando como lingua vehicular unha lingua estranxeira (L2) ademais da lingua propia.

O grao de utilización da lingua estranxeira nesa materia, entendendo por “grao” tanto o tempo de exposición a ela como a dificultade das construcións verbais, dependerá en gran medida da competencia lingüística previa que teñan os alumnos/as nela.

No IES Leiras Pulpeiro se veñen impartindo desde o curso 2008/2009 dúas seccións bilingües de música en inglés: unha en 3º e outra en 4º de ESO. Utilízase a lingua estranxeira en todo momento, aínda que cando é necesario úsase a lingua vehicular establecida neste proxecto lingüístico para os restantes grupos que non son seccións bilingües. Isto é debido á limitada competencia lingüística dos alumnos, aínda que ao longo do curso, pouco a pouco, vai aumentando a utilización do inglés nas clases.

O centro ofrece a posibilidade de estudar a música en inglés de maneira opcional: mentres un grupo forma unha sección bilingüe, os outros dous grupos dese mesmo nivel reciben o ensino desta materia do modo tradicional, na lingua establecida neste proxecto lingüístico.

Con esta oferta preténdese colaborar na capacitación lingüística do alumnado, e non entrar a competir co ensino noutras linguas (galego ou castelán). Todos os estudos sociolingüísticos inciden no feito de que aprender máis idiomas favorece a adquisición de competencias lingüísticas en cada un deles. Ao ser o inglés a primeira lingua estranxeira estudada polos alumnos/as do centro, parece lóxico utilizala nas seccións bilingües para colaborar na súa aprendizaxe formal.

3.3. Medidas de apoio e reforzo adoptadas para conseguir un correcto uso lingüístico escolar e educativo, dirixidas a alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo e de promoción da lingua galega.

A Lei de Normalización Lingüística (Lei 3 / 1983, de 15 de xuño) garante no seu preámbulo, de acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de Autonomía, a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua propia de Galicia. O artigo 24 da dita LNL deixa claro que “as autoridades educativas da Comunidade Autónoma (enténdanse tamén os centros de ensino) garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán”.

O PXNLG ten recollido para o sector do ensino os seguintes puntos débiles:

- *Na actualidade, o sistema educativo non consegue dotar o alumnado dunha boa competencia oral en galego.*
- *Entre o alumnado, os prexuízos máis evidentes xa nos se dan, pero si outros que dificultan o emprego do galego no contexto escolar.*
- *Maioritariamente, o nivel da aprendizaxe do galego por parte do alumnado é claramente inferior ó acadado no castelán.*

Consecuentemente, o mesmo PXNLG diseña o seguinte obxectivo para a área de ensino:

- *Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.*

Para acadar estes obxectivos propóñense as seguintes medidas:

- *Reforzo educativo dentro da aula nas materias que se imparten en lingua galega, onde se fomenta fundamentalmente a expresión oral sen esquecer a expresión escrita.*
- *Proxecto lector do centro, que contará con recursos da biblioteca escolar, así como do profesorado das distintas áreas e materias, coa finalidade de fomentar os hábitos lingüísticos do centro: lectura, escritura e habilidades informativas.*

Estas medidas complementaríanse coas actividades de dinamización propostas no punto 4.



IES “Leiras Pulpeiro”
R/ Orquidea nº 45. 27004 Lugo
Tlfno: 982-203427 / Fax 982-203486
ies.leiras.pulpeiro@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Proxecto Lingüístico do Centro

Curso 2016 / 2017

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Nomeamos diversas actuacións que se promoveran para favorecer o uso da lingua galega en todos ámbitos en todos os sectores.

4.1. Accións centradas no uso do galego (oral e escrito).

Continuaremos como en anos anteriores deseñando medidas dirixidas a darlle un pulo significativo á visibilidade do galego para incrementar a competencia práctica e á conformación de actitudes positivas:

- ✓ Aspectos visuais e documentais do centro: Carteis, letreiros, avisos...
- ✓ O sitio web, a aula virtual e o planeta de blogs do centro.
- ✓ Emprego da lingua galega nos documentos de relación coas familias e contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións...
- ✓ Farase en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica. Rexistros de entrada e saída...

Usos lingüísticos cotiáns orais:

- ✓ Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro en reunións de país, festivais, conferencias...
- ✓ Empregar a lingua galega nas actividades complementarias e extraescolares...

Fomento xeral do uso do galego:

- ✓ Promover a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs), tendo como obxectivo a súa identificación co uso do galego.
- ✓ Recompilar material informático que facilite o profesorado o traballo en galego: tradutores, correctores e outras ferramentas informáticas para elaborar recursos.
- ✓ Continuar coa edición da revista “Lerías do Leiras”.
- ✓ Aumentar na medida do posible os fondos da biblioteca con libros e revistas en galego.
- ✓ Aumentar a fonoteca e a mediateca do centro de xeito que se coñezan as riquezas das producións feitas en galego.
- ✓ Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.

Como en anteriores anos, promover o voluntariado lingüístico para colaborar nos distintos grupos de traballo do EDL e colaborar nas actividades que se organicen

- ✓ Poñer o alumnado en contacto coa realidade actual do país:
 - Mediante a realización de visitas de carácter didáctico .
 - Por medio dun panel, “O taboleiro da Lingua”, no que se recollerán as informacións máis importantes relacionadas coa lingua e cultura galegas.

Colaboración co contorno:

- ✓ Continuar a colaboración activa co Concello naqueles programas de interese para a mocidade..

5. AVALIACIÓN



Na memoria de cada curso escolar realizarase unha avaliación do estado de normalización lingüística do centro no que se dará conta, cando menos, das seguintes cuestións:

- Número de materias e aulas nas que se aumentou ou diminuíu o uso do galego.
- Materias nas que a lingua galega non está presente.
- Repercusión deses cambios na competencia e no uso do galego por parte do alumnado.